

**MANUAL DE PROCEDIMIENTO PARA A ASIGNACIÓN DE
ENCABEZAMENTOS DE MATERIA ÁS OBRAS DE FICCIÓN
REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA**

Xuño 2007

Coordinado por:

- **Centro Superior Bibliográfico de Galicia**

Elaborado polo Grupo de Traballo no que participaron as seguintes bibliotecas:

- **Biblioteca Nodal da Coruña**
Representante: María Rosa Michelena Seivane
- **Biblioteca Nodal de Lugo**
Representante: Carlota Dans Montero
- **Biblioteca Nodal de Ourense**
Representante: Cristina Gayoso Diz
- **Biblioteca Nodal de Pontevedra**
Representante: Pilar Fernández Ruiz
- **Biblioteca Nodal de Vigo**
Representante: Carina Fernández Faya
- **Rede de Bibliotecas Municipais da Coruña**
Representante: Marimí Carro Riveiro
- **Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros**
Representante: Alberto Varela Hermida
- **Centro Superior Bibliográfico de Galicia**
Representante: Begoña Domínguez Dovalo

INTRODUCCIÓN

Os estudos demostran que unha boa parte das consultas nos opacs faise por materia. Tendo en conta que só as obras de coñecemento levan este tipo de encabezamentos, temos que presupoñer que un usuario que realice ese mesmo tipo de busca cando quere localizar unha obra de ficción vai ter un resultado insatisfactorio.

Por outra banda, os catálogos automatizados eliminan a intermediación do bibliotecario que ata ese momento podía axudar a un usuario na busca dunha novela sobre un tema determinado, ou na que os protagonistas sexan dun tipo determinado, etc, etc.

Polo tanto, faise necesario un cambio na política de indización tradicional e comezar a enriquecer os rexistros bibliográficos das obras de ficción con información adicional sobre:

- Xénero
- Personaxe
- Lugar / época
- Tema

Xénero: O xénero é a clase ou a categoría á que pertence a obra de ficción. Describe o que é a obra, NON do que trata. Ex.: Novela histórica, Novela de terror, etc.

Personaxe/s: Este tipo de encabezamento ten como obxectivo identificar que obras teñen un/s personaxe/s específicos, NON indicar qué obra é un estudio sobre un personaxe. Poden ser persoas ou entidades, e poden ser reais ou ficticios.

Lugar e Época: na que se desenvolve a obra. Poden ser lugares reais ou ficticios

Tema: Indica o tema da obra.

1. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Novelas e contos literarios dirixidos a público adulto.

2. TESAUROS

Autoridades da Biblioteca Nacional

Para os xéneros: lista propia elaborada polo Grupo de Traballo

3. FONTES DE INFORMACIÓN

- Título e subtítulo
- Sobrecuberta
- Cuberta posterior
- Solapas

Teñen especial importancia as sinopses e as notas críticas que soen aparecer nalgunha das fontes citadas.

- A propia obra
- Fontes externas (webs especializadas, dicionarios literarios, catálogos de editorias, etc.)

4. PAUTAS DE APLICACIÓN

XERAIS:

- Debe primar o criterio do usuario. Se temos dúbidas á hora de asignar un encabezamento, debemos preguntarnos: ¿por onde buscaría o usuario esta obra?
- Asignar encabezamento de xénero sempre e cando o vexamos claro. Ante a dúbida, mellor non asignalo. Vaia por diante que non tódalas obras van a poder levar este tipo de encabezamento.
- Unha obra pode pertencer a máis dun xénero. Ex.: “*Lo que el viento se llevó*”, que pode ser Novela histórica e Novela romántica.
- Asignaremos os encabezamentos **en galego e castelán**. (As bibliotecas co **programa Meiga** só en castelán).

ESPECÍFICAS:

- **Codificación MARC:** Na posición 33 do campo 008 (Forma literaria) codificar sempre “1”.

008 / 33 (Forma literaria): **1** → É ficción (sen especificar o tipo)

- **Codificación Meiga / MARC :** Campo Ficción/Coñecemento → Ficción
- Engadir sempre unha das seguintes **subdivisións de forma**, segundo corresponda:

CASTELÁN	GALEGO
Novelas	Novelas
Cuentos	Contos

Exemplos:

650 4 \$aDivorcio\$jNovelas
 650 7 \$aDivorcio\$jNovelas
 650 4 \$aHomosexualidad\$jCuentos
 650 7 \$aHomosexualidade\$jContos

A continuación explícase polo miúdo canda un dos tipos de encabezamento:

XÉNERO

O xénero é a clase ou a categoría á que pertence a obra de ficción. Describe o que é a obra, NON do que trata. Ex.: Novela histórica, Novela de terror, etc.

Os xéneros establecidos son:

Para novelas:

CASTELÁN	GALEGO
Novela romántica	Novela romántica
Novela histórica	Novela histórica
Novela de ciencia ficción	Novela de ciencia ficción
Novela de aventuras	Novela de aventuras
Novela fantástica	Novela fantástica
Novela de intriga y misterio	Novela de intriga e misterio
Novela de terror	Novela de terror
Novela social y política	Novela social e política
Novela erótica	Novela erótica
Novela biográfica	Novela biográfica
Novela de humor	Novela de humor
Novela de la vida cotidiana	Novela da vida cotiá

Para contos:

CASTELÁN	GALEGO
Cuento romántico	Conto romántico
Cuento histórico	Conto histórico
Cuento de ciencia ficción	Conto de ciencia ficción
Cuento de aventuras	Conto de aventuras
Cuento fantástico	Conto fantástico
Cuento de intriga y misterio	Conto de intriga e misterio
Cuento de terror	Conto de terror
Cuento social y político	Conto social e político
Cuento erótico	Conto erótico
Cuento biográfico	Conto biográfico
Cuento de humor	Conto de humor
Cuento de la vida cotidiana	Conto da vida cotiá

(Ver Anexo I para as definicións de cada xénero.)

Codificación MARC: Campo **655**

1º indicador #
 2º indicador 4 (para castelán)
 7 (para galego)

Subcampos:
 \$a Xénero

Exemplos:

655 4 \$aNovela de ciencia ficción
 655 7 \$aNovela de ciencia ficción

655 4 \$aCuento fantástico

655 7 \$aConto fantástico

Codificación Meiga / MARC: Campo F: Xénero/Forma

CDU:

▪ **Auxiliares especiais de literatura:**

- Para novelas: **-31**
- Para contos: **-32**

▪ Para mellorar a recuperación por xénero, engadir á CDU da obra o seguinte código precedido de asterisco:

Para novelas:

- **Novela romántica →*R**
- **Novela histórica →*H**
- **Novela de ciencia ficción →*C**
- **Novela de aventuras →*A**
- **Novela fantástica →*F**
- **Novela de intriga e misterio →*I**
- **Novela de terror →*T**
- **Novela social e política →*S**
- **Novela erótica →*E**
- **Novela biográfica →*B**
- **Novela de humor →*U**
- **Novela da vida cotiá →*V**

Para contos:

- **Conto romántico →*CR**
- **Conto histórico →*CH**
- **Conto de ciencia ficción →*CC**
- **Conto de aventuras →*CA**
- **Conto fantástico →*CF**
- **Conto de intriga e misterio →*CI**
- **Conto de terror →*CT**
- **Conto social e político →*CS**

- **Conto erótico**→*CE
- **Conto biográfico**→*CB
- **Conto de humor**→*CU
- **Conto da vida cotiá**→*CV

Se unha obra pertence a máis dun xénero engadir o código correspondente a continuación do outro, sen espacio entre eles.

Exemplos:

Rivas, Manuel, O lápis do carpinteiro: 821.134.4-31”19”*S*R

Vargas Llosa, Mario, La fiesta del chivo : 821.134.2(85)-31”19”*H*S

Poe, Edgar Allan, Tales of mystery and imagination : 821.111(73)-32”18”*CI

PERSONAXE / ENTIDADE

Este tipo de encabezamento ten como obxectivo identificar qué obras teñen como protagonistas uns personaxes / entidades específicos, NON indicar qué obra é un estudio sobre un personaxe / entidade. Poden ser reais ou ficticios.

Podemos asignar como materia os personaxes / entidades das obras sempre e cando:

- Aparezan en 3 ou máis obras, aínda que se poderán asignar secundarias a personaxes/entidades que, aparecendo só nunha ou dúas obras, teñan unha transcendencia importante.
- Sexan realmente protagonistas principais, e aparecen ó longo de toda a obra.
- Se o seu nome aparece no título da novela ou no título da serie se é o caso
- Se existe a posibilidade de que os usuarios busquen esa novela polo personaxe/ entidade

Non asignar encabezamento de materia para personaxes ou entidades secundarias ou que se mencionan só de pasada.

Forma do encabezamento:

- **Para personaxes / entidades reais:** a forma autorizada no noso catálogo, cando exista; en caso contrario a forma establecida en Autoridades da Biblioteca nacional. En calquera caso, a forma é a que tería en calquera dous outros campos encabezamento do rexistro (1XX, 7XX).
- **Para personaxes / entidades ficticios:** a forma predominante na obra que estamos catalogando. Se o nome presenta variacións, escoller a máis usada e facer referencias (Véxaxe) das outras a ela. Se o personaxe ten

nome e apelido, a forma autorizada será a invertida. Exemplo: Boop, Betty (Personaxe de ficción).

Os personaxes/entidades ficticias sempre levaran o cualificador correspondente entre paréntese:

CASTELÁN	GALEGO
Personaje de ficción	Personaxe de ficción
Organización de ficción	Organización de ficción

Codificación MARC:

- Personaxes reais: Campo **600**
- Entidades reais: Campo **610**
- Personaxes/entidades ficticios: Campo **650**

2º indicador **4** (para castelán)

7 (para galego)

O resto de indicadores e subcampos son os mesmos que para as obras de coñecemento.

Exemplos:

600 14 \$aNapoleón\$bI,\$cEmperador de Francia\$jNovelas

600 17 \$aNapoleón\$bI,\$cEmperador de Francia\$jNovelas

610 24 \$aCentro Superior de Investigaciones Científicas (España)\$jNovelas

610 27 \$aCentro Superior de Investigaciones Científicas (España)\$jNovelas

650 4 \$aHolmes, Sherlock (Personaje de ficción)\$jNovelas

650 7 \$aHolmes, Sherlock (Personaxe de ficción)\$jNovelas

650 4 \$aSpectra (Organización de ficción)\$jNovelas

650 7 \$aSpectra (Organización de ficción)\$jNovelas

650 4 \$aBlack Hole Travel Agency (Organización de ficción)\$jNovelas

650 7 \$aBlack Hole Travel Agency (Organización de ficción)\$jNovelas

LUGAR / ÉPOCA

Este encabezamento serve para indicar o lugar e/ou a época na que se desenvolve a obra.

O **lugar** pode ser xeográfico ou corporativo (organizacións), tanto reais como imaxinarios. O lugar pode indicarse tamén como subdivisión xeográfica no encabezamento de materia-tema.

Tamén a **época** pode dar lugar a un encabezamento sempre e cando teña un papel importante no desenvolvemento da obra e non sexa unicamente o escenario onde se desenvolva.

Forma do encabezamento:

- **Para lugares reais:** Usar a forma establecida no catálogo de autoridades.
- **Para lugares ficticios:** Engadir, entre parénteses, o cualificador “Lugar imaxinario”. Se o nome ten variacións, establecer como autorizada a forma mais usada e facer referencias (Véxase) das outras a esta.

Encabezamentos dubidosos:

Cualificadores para as entidades como Personaxe ou como Lugar: cando a entidade se trate como lugar onde se desenvolva a acción, usar “Lugar imaxinario”; se o que se quere resaltar son os seus aspectos organizativos entón usaremos como cualificador “Organización de ficción”.

CASTELÁN	GALEGO
Lugar imaxinario	Lugar imaxinario
Organización de ficción	Organización de ficción

- **Época:** Usar períodos históricos establecidos, engadindo o subencabezamento apropiado.

Codificación MARC:

- a. Lugares reais: Campo **651**
- b. Organizacións reais: Campo **610**
- c. Lugares e organizacións ficticios: Campo **650**

2º indicador **4** (para castelán)

7 (para galego)

O resto de indicadores e subcampos son os mesmos que para as obras de coñecemento.

Exemplos:

651 4 \$aMadrid\$jNovelas

651 7 \$aMadrid\$jNovelas

610 24 \$aCentro Superior de Investigaciones Científicas (España)\$jNovelas
 610 27 \$aCentro Superior de Investigaciones Científicas (España)\$jNovelas

650 4 \$aNarnia (Lugar imaginario)\$jNovelas
 650 7 \$aNarnia (Lugar imaxinario)\$jNovelas

650 4 \$aMacondo (Lugar imaginario)\$jNovelas
 650 7 \$aMacondo (Lugar imaxinario)\$jNovelas

650 4 \$aOz (Lugar imaginario)\$jNovelas
 650 7 \$aOz (Lugar imaxinario)\$jNovelas

651 4 \$aEspaña\$xHistoria\$y1936-1939 (Guerra Civil)\$jNovelas
 651 7 \$aEspaña\$xHistoria\$y1936-1939 (Guerra Civil)\$jNovelas

TEMA

Este encabezamento ten como obxectivo informar do tema da obra. Asignar tantos como sexan necesarios.

Forma do encabezamento: Autoridades de Biblioteca Nacional, mais o subencabezamento apropiado.

Codificación MARC:

- Campo **650**

2º indicador 4 (para castelán)
 7 (para galego)

O resto de indicadores e subcampos son os mesmos que para as obras de coñecemento

Exemplos:

650 4 \$aAmistad\$jCuentos
 650 7 \$aAmizade\$jContos

650 4 \$aAbogados\$jNovelas
 650 7 \$aAvogados\$jNovelas

ANEXO I : DEFINICIÓNS DOS XÉNEROS

As definicións son válidas para novela e conto.

1. NOVELA ROMÁNTICA

Ten como conflito central da intriga as relacións sentimentais dos protagonistas.

Algunhas de estas obras carecen de fondura psicolóxica e observacións históricas ou sociais ; repiten constantemente os mesmos modelos estereotipados e conservadores , o que lles leva a cumprir unha función esencialmente evasiva ; os personaxes responden a retratos maniqueos, son guapos, fortes, sans, novos, móvense sen limitacións económicas, e o amor acaba superando todos os impedimentos. Carecen de sentimentos profundos, suplantados por un fácil erotismo. Na súa última derivación, foise introducindo unha maior dose de sexualidade e certa violencia contida nas relacións home-muller.

Pero non todas as novelas románticas responden a este esquema. Hai escritores de recoñecido prestixio que escriben novelas deste tipo e obras de calidade que se poden incluír neste xénero; nelas os personaxes están ben caracterizados, e non responden a un modelo estereotipado, senón que son personaxes “reais” e ben situados nun marco histórico e social.

Usado por

Novela sentimental
 Novela pastoril
 Novela rosa
 Novela de amor
 Novela bucólica
 Novela cortesana
 Novela bizantina
 Romance-Novela
 Amor-Novelas

Exemplos do primeiro tipo:

Novelas de Corín Tellado y de Barbara Cartland
Ambición sin límites, de Barbara Delinsky
Amor eterno, de Johanna Lindsey
Amores turbulentos, de Rebecca Brandewyne
Anhelos ocultos, de Sandra Brown
Cenizas al viento, de Kathleen Woodiwiss
Hasta que volvamos a encontrarnos, de Judith Krantz
Traiciones, de Nora Roberts
Corazón de cristal, de Candace Camp
Seducción maléfica, de Sue Rich
Tormenta de pasiones , de Mary Jo Putney

Exemplos do segundo tipo:

Travesuras de la niña mala, de Vargas Llosa
Emma, de Jane Austen
El imposible olvido, de Antonio Gala
El Amante del volcán, de Susan Sontag
Cumbres borrascosas, de Emily Brontë
De los amores negados, de Ángela Becerra
Yo he de amar una piedra, de António Lobo Antunes
Primer amor, de Ivan S. Turguenev
Marianela, de Benito Pérez Galdós
Jane Eyre, de Charlotte Brontë
Sentido y sensibilidad, de Jane Austen
Un solo amor, de Pearl S. Buck
La dama de las camelias, de Alejandro Dumas
Ana Karenina, de Lev N. Tolstoi
Madame Bovary, de Gustave Flaubert
Orgullo y prejuicio, de Jane Austen
El sueño, de Émile Zola
Angélica, de Manuel Forcadela
O solpor da cupletista, de M^a Xosé Queizán

2. NOVELA HISTÓRICA

Úsase para novelas que se caracterizan por tomar os seus temas do pasado histórico e describir as situacións sociais e costumbristas da época na que se sitúan personaxes reais e ficticios, sen pretender o valor da realidade estrita, con alteracións máis ou menos importantes creadas pola imaxinación do novelista.

Versa sobre argumentos ou temas reais, sucedidos no pasado con respecto á época na que se escribe, sempre nun marco documentado e comprobable. O problema co que se enfrenta o lector é saber o que corresponde a feitos históricos e o que procede da imaxinación do autor.

Une a feitos de importancia histórica a fabulación literaria, xeralmente mediante a creación de personaxes que serven de fío aglutinador aos acontecementos.

Os personaxes principais non teñen unha existencia real, o que diferencia a este xénero do biográfico, mentres que entre os secundarios si que aparecen personaxes reais.

Usado por

Historia - Novelas

Novela de guerra

Guerra - Novelas

Véxase ademais

Novela biográfica

Novela de la vida cotidiana

Novela social y política

Novelas baixo nomes xeográficos, acontecementos históricos ou persoas

Ex.: España-Historia-Guerra da Independencia, 1808-1814-Novelas
Alfonso XII, Rei de España-Novelas,
Cruzadas-Novelas.

Exemplos:

Ramiro Conde de Lucena, de Rafael Humara
El doncel don Enrique el Doliente, de Larra
Sancho Saldaña, de Espronceda
Extramuros de J, Fernández Santos
Fuente Ovejuna, de Lope de Vega
El mejor alcalde el Rey, de Lope de Vega
Crónica del reinado de Carlos IV, de P. Mérimée
Cinq-Mars, de A de Vigny
Nuestra Señora de París, de V. Hugo
Los tres mosqueteros, de Alejandro Dumas
El Rojo y el Negro, de Sthendal
Ramiro, conde de Lucena, de R. Húmara
Los bandos de Castilla, de R. López Soler
Don Esteban o Sandoval, de V.de Llanos
La conquista de Valencia por el Cid, de E. de Kosta Vayo
El golpe en vago, de J. García de Villata
Ni Rey ni Roque, de P. de la Escosura
Doña Isabel de Solís, reina de Granada, de Martínez de la Rosa
El señor de Bembibre, de E. Gil y Carrasco
Episodios Nacionales, de Benito Pérez Galdós
Waverly, de Walter Scott
Guerra y paz, de Leon Tolstoi
La guerra carlista, El Ruedo Ibérico, de Valle-Inclán
El manuscrito carmesí, de Antonio Gala
A la sombra del grando, de Tarik Alí.
Lo que el viento se llevó, de Margaret Mitchell
La cruz y la espada o los mártires de Anáhuac, de E. Ancona;
Guatimozín, último emperador de Méjico, de G. Gómez de Avellaneda;
Enriquillo, de M. de J. Galván
Fabiola, de N.P. Wiseman;
Ben-Hur, de L. Wallace
Quo vadis?, De H. Sienkiewicz;
Sónnica la cortesana, de V. Blasco Ibáñez;
Syncerato el parásito, de E. Barriobero;
Ultimo día de paganismo y primero de...lo mismo, de J. Costa.
Avarienta o la vida de un Conspirador, de P. Baroja;
El blocao. "Novela de guerra marroquí", de J. Díaz Fernández
Mister Witt en el Cantón, de R.J. Sender
La aventura equinoccial de de Lope de Aguirre de R.J. Sender
La serie *Campos* sobre la Guerra Civil de Max Aub
Urraca, de L. Ortiz
Extramuros, de J. Fernández Santos

Cabrera, de J. Fernández Santos
Las naves quemadas, de J.J. Armas Marcelo
Pamela, de J. Perucho
Mansura, de F. de Azúa
En busca del Unicornio, de J. Eslava
El Embajador, de A. Prieto
Los Idus de Marzo, de T. Wilder
El nombre de la Rosa, de Umberto Eco
El clan del oso cavernario, de Jean M. Auel
El siglo de las luces, de Alejo Carpentier
El reino de este mundo, de Alejo Carpentier
La fiesta del Chivo, de Mario Vargas Llosa
A tecedeira de Bonaval, de Antonio López Ferreiro
Castelo de Pambre, de Eduardo Blanco Amor
O niño das Pombas, de Eduardo Blanco Amor
Xente ao lonxe, de Eduardo Blanco Amor
Branca de Loboso, de Xesús Rábade
Alén da desventura, de Xavier Alcalá
A romaria de Xelmírez, de Otero Pedrayo
Un home de Vilameán: Anatomía dunha revolución, de Xoan Bernárdez Vilar
O ano da cometa, de Xoan Bernárdez Vilar
Magog de María Gándara
Agosto do 36, de Xosé Fernández Ferreiro
Os mortos daquel verano, de Carlos Casares

Poderíanse atopar exemplos que puideran ter entrada por outros xéneros, ademais de por Novela histórica:

Los tres mosqueteros, de Alejandro Dumas
 Novela histórica
 Novela de aventuras

Lo que el viento se llevó, de Margaret Mitchell
 Novela histórica
 Novela romántica

El nombre de la rosa, de Umberto Eco
 Novela histórica
 Novela de intriga e misterio

3. NOVELA DE CIENCIA FICCIÓN

Úsase para novelas de fantasía que tratan de posibles, pero non probables sucesos, baseados en principios científicos. Son acontecementos fantásticos que ocorren nun mundo futuro, imaxinado desde a previsión das súas posibilidades de desenvolvemento en relación cos avances científicos e técnicos do momento.

Explóranse ate as últimas consecuencias o desenvolvemento posible dun feito científico. Úsase tamén para traballos nos que aparezan culturas alieníxenas (extraterrestres) ou entornos estraños.

Para obras que traten de mundos inexistentes, increíbles e irrealis úsese Novela fantástica.

Usado por

Ciencia ficción - Novelas
 Fantasías apocalípticas
 Fantasías del fin del mundo
 Ficción-Ciencia
 Nave espacial
 Viaje en el tiempo
 Robótica

Véxase ademáis

Novela fantástica

Exemplos:

Frankenstein, de M. Shelley
Historias fantásticas, de E. A. Poe
De la Tierra la Luna, de J. Verne
Viaje al centro de la Tierra, de J. Verne
Veinte mil leguas de viaje submarino, de J. Verne
Mirando hacia atrás 2000-1887, de E. Bellamy
Una princesa de Marte, de E. R. Burroughs
La doncella de la Luna, de E. R. Burroughs
Piratas de Venus, de E. R. Burroughs
La máquina del tiempo, El hombre invisible, La guerra de los mundos, Los primeros hombres en la Luna, de H. G. Wells
Nosotros, de Zamiatin
Un mundo feliz, de A. Huxley
La fábrica de lo absoluto, La guerra de las salamandras, de K. Capek
Viaje a Arturo, de D. Lindsay
Los primeros y los últimos hombres : historia del futuro próximo y remoto, de Stapledon
Los últimos hombres en Londres, de Stapledon
La alondra de espacio, de Doc Smith
Cuando fallaron los átomos, de J.W. Campbell
Una odisea marcina, de Weinbaum
Yo, robot, de Asimov
Trilogía de la Fundación, de Asimov
Bóveda de acero, de Asimov
El sol desnudo, de Asimov
Sla, de E. van Vogt
Ciudadano de la Galaxia, de Heinlein
Forastero en tierra extraña, de Heinlein
Del pasado al mañana, de Heinlein

El hombre sintético, Más que humano, de Sturgeon
Crónicas marcianas, de R. Bradbury
1984, de George Orwell
El fin de la infancia, de A. Clarke
2001 : una odisea del espacio, de A. Clarke
2010 Odisea 2, de A. Clarke
Cántico a San Leibowitz, de W. M. Miller
Ojo celeste, de P. K. Dick
Planeta de exilio, Las tumbas de Atuán, de U.K. Le Guin
El jinete de las ondas de choque, de J. Brunner
Venus en la concha, de J. Farmer
Visiones peligrosas, de H. Ellison
Tritón, de S.R. Delany
Picnic en el Paraíso, de J. Russ
El hombre hembra, de J. Russ
La Biblioteca de Babel, de Jorge Luis Borges
Parque jurásico, El mundo perdido, de M. Crichton
Soy leyend, de Richard Matheson
Galaxia lejana, de Lois Fernández Marcos
Sueños eléctricos, de Ramón Caride Ogando
Reportaje cósmico, de Xosé Fernández Ferreiro
Galou Z-28, de Lois Diéguez
Playa termina, Crash, de J.G. Ballard...

4. NOVELA DE AVENTURAS

Úsase para novelas caracterizadas por unha énfase nas accións físicas e a miúdo violentas, lugares exóticos e perigosos, que xeralmente desenvolven o carácter do personaxe.

O obxectivo é o de contar aventuras, sen as cales non pode existir este xénero. A aventura é a irrupción do azar ou do destino na vida cotidiana, onde introduce un acontecemento que presenta a morte posible, probable, presente ata o desenlace. A aventura é o diálogo da morte e da liberdade, raramente son relatos tráxicos.

O que conta non é a reprodución de feitos reais, históricos, senón a reprodución de pasións humanas elementais : o medo, o valor, a vontade de poder, a abnegación, o instinto da morte, o amor. Sempre hai un protagonista que coñece o sufrimento moral, o progreso ou a decepción ou o envellecemento. É unha novela do individuo.

A estrutura do relato é sempre a mesma : espera e preparativos da partida, embarque, primeiros éxitos e batallas, desenlace feliz para o protagonista.

Usado por

Aventuras - Novelas
 Historias de aventuras
 Thrillers
 Novela picaresca
 Novela do oeste

Novela mariñeira
Novela de guerra

Exemplos:

Teágenes y Cariclea, de Heliodoro
Aventuras de Leucipa y Clitofont, de Aquiles Tacio
Dafnis y Cloe, de Longo
Lancelot
Perceval, (e as do ciclo artúrico)
El peregrino en su patria, de Lope de Vega,
El español Gerardo, de Gonzalo de Cespedes,
Los triunfos de la verdad, de Tirso de Molina
Robinson Crusoe, de D. Defoe
Vida, aventuras y piratería del famoso capitán Singleton, de D. Defoe
Las aventuras de un átomo, Sir Launcelot Greaves, de T.G. Smollet
El pirata, de W. Scott
Quintin Durward, de W. Scott
Los pioneros, de F. Cooper
El último marciano, de F. Cooper
Los tres mosqueteros, de A. Dumas
El conde de Montecristo, de A. Dumas
La isla del tesoro, de R.L. Stevenson
La vuelta al mundo en 80 días, de Julio Verne
Las minas del rey Salomón, de E. SueH. Ridder Hagggar
Los piratas de Malasia, de Emilio Salgari
El corsario negro, de Emilio Salgari
Kernoch el pirata, de E. Sue
Atar-Gull, de E. Sue
Memorias de un hombre de acción, de Pío Baroja

5. NOVELA FANTÁSTICA

A narrativa fantástica preséntanos mundos imaxinarios, froito exclusivo da creatividade dos autores. Esencialmente, a acción transcorre nun mundo distinto, exótico, moi diferente a calquera que coñezamos.

Nel poden existir a maxia, os dragóns, pódese voar e falar cos animais; pero todos estes elementos estranos contan cunha explicación e son coherentes co contido dos relatos. Son mundos irreais pero lóxicos en sí mesmos. A narración conta con abundantes descrições que fan parecer cribles e verdadeiros os mundos ou escenarios imaxinarios. Preséntannos un mundo en permanente enfrentamento entre o Ben e o Mal

As historias fantásticas frecuentemente están baseadas en mitos ou lendas. A maxia está case sempre presente na novela fantástica, e pode estar presente no escenario ou no argumento, ou tamén pode ser practicada polos personaxes.

Aínda que fantasía e ciencia ficción comparten varios elementos, o elemento diferenciador é que a ciencia ficción ten unha base racional, mentres que a literatura fantástica non a ten.

Usado por

Fantasía – Novelas
 Fantasías apocalípticas
 Fantasías del fin del mundo

Véxase ademais

Novela de ciencia ficción

Exemplos:

El señor de los anillos, de Tolkien
El vuelo del dragón, de Anne McCaffrey
Narnia, de C.S. Lewis
La historia interminable, de Michael Ende
Un mago de Derramar, de Ursula K. Le Guin
Las tumbas de Atuan, de Ursula K. Le Guin
La costa más lejana, de Ursula K. Le Guin

6. NOVELA DE INTRIGA E MISTERIO

Úsase para unha serie de subxéneros narrativos cuxa característica común é presentar unha trama complicada e inquietante que vai captando progresivamente o interese do lector, pendente de descubrir o imprevisto desenlace da historia. Inclúiranse neste xénero os seguintes subxéneros: *Novela policíaca*, *Novela negra*, *Novela de suspense* e *Novela de espionaje*

Usado por

Novela policíaca
 Novela de detectives
 Novela criminal
 Novela de misterio
 Misterio-Novelas
 Novela negra
 Novela de suspense
 Thriller
 Tecno-Thriller
 Novela de espionaje
 Política-ficción

Véxase ademais

Novela de terror
 Novela social y política
 Novela de aventuras

Definición dos subxéneros incluídos no epígrafe:

- **Novela policíaca**

Tipo de relato no que se narra a historia dun crime, do que se descoñece o autor, e no que, a través dun procedemento racional baseado na observación e a indagación que normalmente leva a cabo un detective ou outro suxeito con cualidades especiais, se logra descubrir ó culpable ou culpables.

Presenta ademais dúas características sobresaíntes: a técnica do relato á inversa (a historia iníciase polo final - un crime, secuestro ou roubo -, e ó longo do desenvolvemento da trama chégase ó principio ou ó descubrimento do culpable), así como o carácter estático dos personaxes (non hai alteración ou evolución no transcurso da obra) e maniqueo (bos-malos, detective-delincuente, delator-encubridor). De feito, este subxénero é considerado, en boa parte, mera “paraliteratura”.

Exemplos:

Los crímenes de la calle Morgue, de E.A. Poe
El clavo, de P.A. de Alarcón
La incognita, de B. Pérez Galdós
La gota de sangre, de E. Pardo Bazán
El inocente, de M. Lacruz,
La soledad del manager, de A. Vázquez Montalbán
Asesinato en el Comité Central, *Los pájaros de Bangkok*, *La Rosa de Alejandría*, de A.
Un beso de amigo, *Nada que hacer*, de J. Madrid
Por amor al arte, *Barcelona Connection*, de A. Martín
Demasiado para Gálvez, *Gálvez en Euskadi*, de J. Martínez Reverte
El señor de la coca, de P. Casals
Crónica sentimental en rojo, de F. Gozález Ledesma
La mano armada, de C. Pérez Merinero
Mi nombre es Novoa, de J. Ibáñez
Un modelo para la muerte, de Bioy Casares y J.L. Borges
Los que aman, odian, de Bioy Casares y Silvina Ocampo
Triste, solitario y final, de O. Soriano
 Obras de Arthur Conan Doyle, A. Christie, E. Wallace, S. Van Dine, E. Gaboriau, M. Leblanc, P. Souvestre, G. Simenon

- **Novela negra**

Subxénero narrativo, relacionado coa novela policíaca, que xurde en Norteamérica a comezos dos anos vinte do século pasado e que trata de reflectir, desde unha conciencia crítica, o mundo do gansterismo e da criminalidade organizada, produto da violencia e corrupción da sociedade capitalista da época. Fronte a este mundo degradado, xurde a figura dun novo detective (de rasgos máis duros, e inclinado á violencia xusticieira e á acción individualista, ó marxe da policía) que, xunto co avogado e o xornalista, se enfróntan a esta sociedade do crime organizado.

Ainda que a novela negra segue o esquema da novela policíaca (crime / investigación / descubrimento do culpable) e unha organización análoga no desenvolvemento da historia (relato á inversa), o interese primordial non radica tanto na resolución do

enigma coma na configuración dun cadro de conflitos humanos e sociais, e nun estudo de caracteres, a partir dun enfoque realista e sociopolítico. Outra diferenza fundamental é que a novela negra alcanzará un grande prestixio literario; a partir dos anos trinta a novela negra americana contará con bos imitadores en Europa.

Exemplos:

Cosecha roja, El Halcón maltés, La llave de cristal, de D. Hammett

Viento rojo, de R. Chandler

1280 almas, de Jim Thompson

¿Acaso no matan los caballos?, de Horace McCoy

A todo riego, Uba tal Larica, de J. Giovanni

Muerte en la escuela, de G. Scerbanenco

Todo modo, de L. Sciascia

